

**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 01/10/2020 12:38:04

SAIDA

11213/20



Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 77/2020**

Correo electrónico:

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED], mediante escrito do 17 de xullo de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de setembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED], en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 17 de xullo de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello de Ourense, de obtención de copia de expediente íntegro completo da contratación dos medios materiais para a gravación do Pleno do 30 de abril de 2020, da resolución acordando a utilización dos equipos de gravación empregados na gravación e emisión do dito Pleno, da resolución acordando a adscripción do persoal eventual que realizo as funcións de operador de Cámara na súa gravación/retransmisión, resolución impedindo o acceso de medios de prensa e gravación ao Pleno, da emisión do pleno na Canle do Concello de Ourense con operativa de medios materiais de AURIA TV e medios persoais de persoal eventual, informe do Servizo Municipal correspondente expresando o tempo en que estivo accesible a gravación do Pleno na canle da Web do Concello e copia da resolución da alcaldía que ordenou a retirada da citada gravación e a reinserción da mesma, así como da

emisión do Pleno na Canle do Concello e informe do Servizo Municipal correspondente expresando destino e lugar de depósito do material a que deu lugar a gravación e detallando o destino dos diferentes soportes en que se gravou.

O reclamante en resume indicaba que non obtivo resposta á súa solicitude e que non concorren na mesma, ningún dos límites de acceso á información establecidos no artigo 14 da Lei 19/2013, nin causa de inadmisión algunha. O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e da acreditación da representación en base á cal se presenta a reclamación.

**Segundo.** Con data do 29 de xullo de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Ourense para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 31 de xullo de 2020.

**Terceiro.** Con data do 4 de agosto de 2020 o Concello de Ourense contesta a petición remitindo un informe do asesor xurídico do Concello.

Neste informe, en resumo, indícase que non existen contratación algunha, xa que a gravación do Pleno foi realizada por empregados públicos e a sinal difundida gratuitamente ós medios de comunicación interesados, sen contratación algunha realizada ó efecto, e que procede, resolver a solicitude inadmitíndoa parcialmente polo motivo establecido no artigo 18.1.c), e desestimando a mesma no resto das súas pretensións, previa comprobación do manifestado como antecedentes de feito.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública,

poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Ourense non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública. O posible obxecto dunha solicitude de información que a Lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. O feito de que poida ser obxecto dunha solicitude de acceso á información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma, así como que non sexa necesario motivar a solicitude, xa que non está vinculada á titularidade dun interese por parte do solicitante, fai difícil cando non imposible, subtraer do marco da normativa de transparencia unha solicitude de información que cumpra estas condicións.

É necesario lembrar que o obxectivo final da Lei é o escrutinio da acción pública, mediante o coñecemento do proceso de toma de decisións como medio de rendición de contas dos responsables públicos.

No presente caso o Concello límitase a remitir un informe do asesor xurídico, informe que nos seus antecedentes de feito afirma que se lle manifesta, -debe suporse que polo correspondente departamento de contratación do Concello- que non existen contratación algunha, xa que a gravación do Pleno foi realizada por empregados públicos e a sinal difundida gratuitamente ós medios de comunicación interesados, sen contratación algunha realizada ao efecto. Na conclusión do informe, considérase que debe resolverse a solicitude inadmitíndoa parcialmente polo motivo establecido no artigo 18.1.c), e desestimando a mesma no resto das súas pretensións, previa comprobación do manifestado como antecedentes de feito. Non consta que se remitise ao interesado, resolución ou comunicación algunha sobre a solicitude presentada.

O informe do asesor xurídico do Concello remitido, presume a inexistencia da documentación que se lle solicita, inexistencia que non está acreditada, xa que no propio informe conclúese que debe inadmitirse a solicitude, previa comprobación do manifestado no antecedente de feito. De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias. Neste senso, non se consideraría información pública, e por tanto o solicitante non tería dereito a que se lle proporcione, a solicitude de que se elabore un informe do Servizo Municipal correspondente expresando o tempo en que estivo accesible a gravación do Pleno na canle da Web do Concello.

No marco dunha solicitude de acceso á información, cando se solicita unha información ou unha documentación que non existe, ben por que non se elaborou (aínda que fose obrigatorio facelo pola normativa que lle sexa de aplicación) ou ben simplemente porque non é necesario ou non é posible elaborala porque non se dan as circunstancias para facelo, o suxeito obrigado cumpre, indicando ao solicitante con claridade, que a información solicitada non existe.

De acordo co anterior, debe o Concello, previa comprobación da existencia ou non da información solicitada, remitir resolución expresa, facilitándoa no primeiro caso, ou comunicando a súa inexistencia no segundo.

O Concello de Ourense non resolveu a solicitude de acceso á información do interesado, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] con data do 17 de xullo de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello de Ourense, de obtención de copia de expediente íntegro completo da contratación da gravación do Pleno do 30 de abril de 2020, e demais resolucións e informes solicitados referidos á gravación do dito Pleno.

**Segundo:** Instar ao Concello de Ourense, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello de Ourense a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2020.10.01 09:35:49 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**